CALENDARIO FINAL DE CURSO

ALUMNADO 2º BACHARELATO

MAIO—2010	
Día 18	Última data para entregar as notas do alumnado con materias pendentes de 1º de Bacharelato na Xefatura de Estudos.
Día 14	Suspensión da actividade docente en 2º de Bacharelato.
Do 17 ao 24	Semana para facer exames finais.
Día 25	Avaliación final de 2º de Bacharelato. Véxase anexo II.
Día 26	Entrega de notas ao alumnado de 2º de Bacharelato a partir das 11:00 horas.
Días 27-28	Prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións finais.
Día 31	Ás 11:15 horas entrega das resolucións das reclamacións presentadas ás notas de 2º de Bacharelato.

NOTAS ACLARATORIAS PARA O FINAL DO CURSO ESCOLAR 2009-2010

1.- Segundo a orde do 15 de xuño de 2009 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2009/2010 (D.O.G. 22-06-09): *Art. 12 4.1. Unha vez realizadas as avaliacións finais do segundo curso de bacharelato, impartiranse as clases nas disciplinas obxecto das probas de aptitude para o acceso á universidade ata a realización das citadas probas. Con este fin, quedan autorizadas as direccións dos centros para introducir modificacións nos horarios dos profesores e grupos de alumnos afectados, asignándolle ao profesorado nas horas en que deixe de impartir a súa materia tarefas da súa responsabilidade, segundo o cargo ou posto que desempeñe, incluídas as gardas que se consideren necesarias.*

2.-Recoméndase que o profesorado titor coordine o calendario final de exames dos seus titorandos: **Para elo reservouse a semana do 17 ao 24 de maio**. O cadro de exames finais deberá ser entregado na Xefatura de Estudos.

ANEXO I

AVALIACIÓN FINAL DE 2º de BACHARELATO			
DÍA	HORA	GRUPO	LUGAR
Día 25 de maio	16:30-17:15	2º A	Aula Multimedia
	17:15-18:00	2º B	Aula Multimedia

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 8

Abril—2010

PROXECTO ABALARº

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROXECTO ABALAR

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vai pór en marcha o Proxecto Abalar, co que se pretende a integración plena das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas aulas e na práctica educativa en Galicia. Este proxecto levará a cabo as actuacións previstas no proxecto Escuela 2.0, que prevé o uso de computadores portátiles por parte do alumnado e a transformación das aulas tradicionais en aulas dixitais para permitir o achegamento das T.I.C. ao sistema educativo, e facilitar o acceso aos recursos tecnolóxicos. Isto afecta as aulas dos cursos de quinto e sexto de educación primaria, e primeiro e segundo de educación secundaria obrigatoria, e se desenvolverá en catro anos.

Nunha primeira fase foron seleccionados uns 200 centros de primaria e secundaria de toda Galicia, entre os que está o ***I.E.S. Lama das Quendas de Chantada***, polo que para o ***curso 2010/2011*** as aulas de ***1º de E.S.O.*** participarán neste proceso.

Integración das TIC: A posta en marcha do proxecto Abalar implica substituír o concepto de "Centro Educativo" polo de "Centro Educativo Dixital", como aquel que posúe os recursos humanos e pedagóxicos, o nivel de conectividade e as infraestruturas de soporte suficientes como para permitir o uso dos dispositivos informáticos na actividade docente e de aprendizaxe.

O achegamento das novas tecnoloxías ao eido educativo debe ir acompañado de plans que permitan aos profesores adquirir a capacitación pedagóxica suficiente e contar con materiais didácticos axeitados aos proxectos educativos, polo que ***o profesorado do noso centro que imparta a súa docencia en 1º de E.S.O. deberá participar no proceso de formación programado para este proxecto***. A renovación tecnolóxica implica que os soportes tradicionais irán sendo substituídos por outros soportes máis interactivos que utilicen toda a potencialidade das TIC para a aprendizaxe. Ábrese un "novo escenario de colaboración e oportunidade para os editores e para o sector tecnolóxico galego**,** que da man deben deseñar solucións para este novo contexto dixital". Outro aspecto importante deste proceso é que non implica unicamente a profesores e alumnos senón que se estende a todos os participantes da comunidade educativa (centros, familias, editores de contidos, provedores de tecnoloxía, administración...).

Implicación de todos os axentes: A conversión de colexios e institutos en Centros Educativos Dixitais esixe a adopción e integración das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo, a través do fomento da Cultura Dixital, e coa implicación das familias e de toda a comunidade educativa. Para favorecer esta participación, o proxecto disporá dun portal web propio, '**espazoABALAR**', que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade –profesorado, alumnado, familias, AMPAS...-.

ABALAR concibe ás familias como actores fundamentais na innovación da metodoloxía educativa, que deben estar plenamente implicados nas actividades de estudo e seguimento da aprendizaxe dos fillos. Neste sentido, o portal proporcionará aos pais e nais información directa do absentismo e seguimento académico dos fillos, grazas a un procedemento de comunicación directa e multicanle cos profesores e titores. Ademais, a web facilitará a xestión telemática de todos os trámites relacionados coa educación.

Desde a perspectiva do alumnado, 'espazo ABALAR' permitirá nun futuro novos mecanismos para traballar con estudantes que requiran unha atención especial e diferenciada. Deste xeito, posibilitará a educación a distancia, facilitando o acceso ao ensino a enfermos de longa duración hospitalizados ou nas súas vivendas, persoas con mobilidade reducida, e estudantes con necesidades específicas. Ademais, permitirá un amplo seguimento académico, e a interacción co profesor ou a dirección do seu centro, o que se traduce nun claro fomento da actitude colaborativa.

No tocante ao profesorado, a web terá un 'Caderno do profesor', no que se proporcionarán as ferramentas necesarias para o desenvolvemento das actividades diarias de seguimento e control do traballo docente. Este instrumento vai incorporar ferramentas para o control da asistencia, o diario de clases, as tarefas e traballos asignados aos alumnos, medidas correctoras, e o seguimento da programación.

A súa participación no proxecto vai quedar tamén favorecida polo 'Repositorio de Contidos Educativos Dixitais'. Trátase dunha ferramenta que permitirá a xestión, difusión e emprego dos recursos educativos desenvolvidos pola comunidade educativa de Galicia para integrar as TIC, e onde se agregarán outros de diferente procedencia (repositorios doutras Comunidades Autónomas, Ministerio ou mesmo internacionais). Isto significa, dunha banda fomentar a colaboración entre a comunidade docente, aproveitando ademais as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados; e doutra poñer en valor o seu traballo, como actores fundamentais do cambio educativo.

Infraestruturas, recursos e ferramentas: No eido tecnolóxico, organizaranse os recursos existentes, garantindo ademais a dotación e mantemento da infraestrutura TIC para todos os centros educativos. Deste xeito, a adhesión ao proxecto reportará aos centros vantaxes como a mellora da súa conectividade a internet, e dotación de equipamento tecnolóxico, de tal forma que cada aula dos cursos suxeitos ao programa disporá dun encerado dixital, un canón proxector, un ordenador para o profesor, e un ultraportátil para cada alumno e alumna.